



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 27 DE MARZO DE 2013

LICENZAS

LIC/1904/2012.- ANA MARÍA PERNAS VILASUSO.- Reforzo estrutura e substitución parcial da cuberta en R/ Aller Ulloa, 3-1º.

LIC/1321/2012.- CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.- Restauración da Torre do Reloxo da Catedral 2ª fase.

CADUCIDADE

LIC/909/2008.- GABRIEL MÉNDEZ ANDAMOLLO.- Incoar expediente de caducidade da licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local de 23 de xuño de 2009 para construción de vivenda unifamiliar en Lg. Casal de Laraño

PRÓRROGAS

LIC/272/2013.- FERNANDO GARCÍA VALLE.- Conceder prórroga da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local do 23 de febreiro de 2010 para construción de adición de baixo cuberta e cuberta en vivenda unifamiliar en Ramil, nº 8.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA

LIC/337/2013.- FRANCISCO GULDRÍS MOSQUERA.....LIC/1435/2009..... 2.000 €

LIC/339/2013.- FRANCISCO GULDRÍS MOSQUERA.....LIC/1435/2009..... 1.500 €

LIC/340/2013.- MANUEL LAMAS SOUTO.....LIC/936/2006..... 2.000 €

4.- Proposta da Concelleira da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación inicial Modificación puntual do Plan especial de reforma interior de Concheiros-Cotaredo-San Lázaro na rúa do Valiño (números 25 e 31).

Resólvese favorablemente a aprobación inicial da modificación puntual do devandito Plan Especial. Unha vez aprobado o expediente, someterase a información pública durante o prazo dun mes. Durante este trámite solicitarase informe do director xeral do Patrimonio Cultural.

5.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa a cambio de representante municipal na Comisión de Escolarización para o curso 2013-2014.

Apróbase que sexa a concelleira de Educación a representante municipal na Comisión de Escolarización para o curso 2013-2014. Con isto respóndese á solicitude da Xefatura Territorial da Coruña, da Consellería de Educación, co fin de dar cumprimento ao regulado no Decreto 254/2012, sobre a admisión do alumnado en centros sostidos con centros públicos.

6.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación da memoria de actividades da XIII Campaña Municipal de Animación á Lectura "Unha bandada de contos".

Apróbase a memoria da devandita Campaña, que do 22 de abril ao 25 de maio de 2013 se desenvolverá en Santiago. Contará coa participación de 120 profesores e máis de 5.000 alumnos. Estas actividades teñen como obxectivo a promoción do libro e a animación á lectura. Entre as actividades haberá contacontos, obradoiros de ilustración, obradoiros de escrita creativa, música, contos para bebés e familias...

7.- Proposta para deixar deserta a licitación do Servicio de medición de rúidos derivados de actividades de carácter comercial, industrial ou de calquera outra fonte de ruído no termo municipal de Santiago de Compostela e iniciar un novo procedemento.

Apróbase, a proposta da concelleira de Urbanismo, deixar deserto o devandito contrato á vista das conclusións da mesa de contratación, nas que se deixa constancia de que ningún licitador reúne os requisitos que se esixen no prego técnico. O tipo de licitación está establecido en 9.999,90 €.

8.- PERMUTA DAS CASSETAS NA 355- NA 356, titularidade do Concello de Santiago de Compostela, coa CASETA NA 370, titularidade de MARIA DE LOS DOLORES MÍGUEZ DOMÍNGUEZ.

Apróbase a devandita permuta.

9.- Solicitude de ratificación da cesión da praza nº 88 do aparcamento de Romero Donallo.

Ratifícase a cesión da devandita praza.

10 a 40.- Propostas da Concelleira delegada de Facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (IIVTNU - Plusvalía), no imposto sobre bens inmobles e no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Concédense os beneficios fiscais solicitados.

41.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa ao rexeitamento do recurso de reposición interposto por SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS SA.

Apróbase a proposta.

42.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión de diversas bonificacións no IBI.

Concédense as bonificacións solicitadas.

43.- Propostas da concelleira delegada de Facenda relativas a diversas concesións de exencións na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de acollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense as exencións solicitadas.

44.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión de exención no IBI.

Concédense a exención solicitada.

45.- Revisión de prezos do contrato de servizo de mantemento e reposición de ZONAS VERDES do Concello.

Aprobouse a proposta da concelleira da Área de Urbanismo de revisión do canon para o 2013 de zonas verdes do Concello. A empresa concesionaria deste servizo, CESPAS, S.A. presentou escrito solicitando a devandita revisión. A Intervención municipal, visto o escrito e tendo en conta o IPC de 2012, establece o importe mensual deste servizo en 290.610,77 €/mes ata a finalización da prórroga do mesmo.

46.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago para financiar o programa de actividades dos centros socioculturais do ámbito rural no ano 2012.

Dáse conta da firma deste convenio que permitirá a realización de diferentes programas no ámbito rural: Novas tecnoloxías, Educación e formación permanente, Saúde e calidade de vida, Animación á lectura, Participación cidadá e Programa de tempo libre. Estes programas terán un custo de 175.000 €, dos que a Deputación achegará 140.000 € e o Concello o resto.